



## CONCRECIÓN CURRICULAR / CURSO 2021-2022

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

Despois da publicación do **Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes, e coa concreción adoptada na CCP do día 23 de marzo de 2022 e polo claustro deste centro:

#### Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución.
  - e) O equipo docente, *sen menoscabo da súas competencias*, entenderá que se comprenden as aliñas b), c) e d) no seguinte caso:

No caso de avaliación negativa en tres materias e que a nota media destas sexa superior a un tres.



- f) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.
- g) En todo caso o equipo docente, *dentro das súas competencias*, poderá valorar calquera outra excepcionalidade se se compren as alíñas a), b), c) e d)

### Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
  - d) O equipo docente, *sen menoscabo da súas competencias*, entenderá que se compren as alíñas b) e c) na seguinte casuística:
    - e) No caso de avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e as notas destas sexan iguais ou superiores a un tres.
    - f) En todo caso o equipo docente, *dentro das súas competencias*, poderá valorar calquera outra excepcionalidade se se compren as alíñas a), b) e c)



### **Educación Secundaria Obrigatoria – Matrícula de honra.**

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En consecuencia, establécese que:

- a) Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media na etapa da ESO.
- b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á maior nota media en 4º da ESO.
- c) De persistir o empate, terase en conta o número de 10 na etapa da ESO.
- d) De persistir o empate, terase en conta o número de 10 en 4º da ESO.
- e) De persistir o empate, terase en conta o número de 9 na etapa da ESO.
- f) De seguir persistindo o empate, terase en conta o número de 9 en 4º ESO.
- g) En último caso farase sorteo.

### **Bacharelato - Promoción.**

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.



### Bacharelato - Titulación.

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
  - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.  
*Sen prexuízo do anterior*, no caso de que a materia non superada sexa unha das materias comúns ou troncais da modalidade de bacharelato cursada, considerarase que se acadaron os obxectivos e se adquiriron as competencias se a súa nota é igual ou superior a un tres.
  - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Para que se cumpra este criterio, as ausencias só se considerarán debidamente xustificadas coa documentación oficial (médica, carácter inexcusable,..) e a alumna ou o alumno non poderá superar o 15% de faltas sen xustificación das horas da materia ao longo de cada trimestre.  
Previamente, ao acadar –nunha primeira tanda- o 5% e -nunha segunda tanda- o 10% das faltas sen xustificación, a/o docente da materia comunicará á/ao titora/titor quen informará do cómputo das faltas aos responsables legais da alumna/ do alumno - en caso de alumnado menor de idade - ou á alumna/ ao alumno - no caso de ser alumnado maior de idade.
  - c) O alumnado, para acadar a titulación, deberá presentarse a todas as probas e realizar as actividades/tafas establecidas obrigatorias nas materias correspondentes, necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. A non presentación ás probas e/ou a realización de probas finais en branco así coma a non realización desas actividades/tafas obrigatorias -instrumentos de avaliación determinadas na programación da materia correspondente- imposibilitará a titulación na excepcionalidade regulada neste punto.
  - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.



## Bacharelato – Matrícula de honra.

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtívase unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En consecuencia, establécese que :

- a) Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións ao alumnado cunha maior nota media global de primeiro e segundo cursos da etapa de bacharelato.
- b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á maior nota media de 2º curso de bacharelato.
- c) De persistir o empate, terase en conta o número de 10 na etapa do bacharelato.
- d) De seguir persistindo o empate, terase en conta o número de 10 en 2º BAC.
- e) En último caso farase sorteo.

A DIRECCIÓN  
IES MARIA SARMIENTO

*Estes criterios de promoción e titulación para a ESO e Bacharelato, de aplicación no presente curso 2021-2022, estarán expostos na páxina Web do centro con efecto inmediato, e a súa notificación enviada por mensaxe Abalar ás familias e alumnado para a súa información.*

*Tamén estará dispoñible unha copia impresa deste documento no taboleiro de anuncios da oficina de administración do centro para garantir outra vía de acceso de consulta ás familias e ao alumnado.*